

CONVENIO ENTRE O CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO, F.S. E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ANO 2005.

Dunha parte D. Manuel Portas Fernández, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Santiago de Compostela, facultado mediante decreto da Alcaldía de data 12 de setembro de 2005.

Doutra parte, D. José Antonio Lobelle Quintillán, con domicilio na R/. Cruceiro da Coruña, nº 95, Santiago, con DNI 34528111-M, Presidente do CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO, con CIF G- 15728975, nº de Registro na Dirección Xeral para o Deporte 4013 e nº de Rexistro no de Asociacións do Concello 269.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

MANIFESTAN

A súa vontade de colaboración para a PROMOCIÓ N DO DEPORTE DO FÚTBOL SALA DE MAIOR NIVEL DA CIDADE DE SANTIAGO, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base da mesma. En consecuencia

CONVEÑEN

1º.- O CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO, participou na División de Honra da Liga Nacional de fútbol sala na tempada 2004-2005 e comprométese a participar na mesma categoría na tempada 2005-2006, é dicir que a súa participación na citada competición inclúe todo o ano 2005, desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro a excepción dos meses en que se paraliza a competición por razóns de calendario oficial. A participación nas mencionadas competicións, deberá xustificarse con certificacións oficiais da Liga Nacional de Fútbol Sala para cada unha das dúas tempadas.

O Club Lobelle, ademais comprométese a promocionar e difundir o nome da cidade de Santiago mediante as seguintes accións:

a.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visíbeis nos recintos deportivos de Santiago nos que o Clube celebre os seus encontros. No último cuadrimestre do ano o lema deberá ser Concello de Santiago- Departamento de Deportes.

b.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* na parte dianteira, das camisetas de xogo oficiais coas que disputa os seus encontros.

c.- Así mesmo, colocación do lema *Concello de Santiago* nos carnets dos abonados, entradas, publicacións e cartelería en xeral que anuncie as actividades do seu primeiro equipo.

2º.- A Clube A. Lobelle comprométese a presentar certificación expedida por empresa competente na que se especifique a repercusión económica que representa para a cidade de Santiago o impacto publicitario da participación do citado Club nas competicións nas que compite correspondente ao ano 2005.

3º.- O CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO comprométese, durante o último cuadrimestre do ano 2005 a poñer en marcha unha campaña de promoción da súa especialidade deportiva nos centros de ensino da cidade, previamente acordados co Departamento de Deportes, consistente na realización de charlas e demostracións técnico-tácticas dos xogadores do seu primeiro equipo.

O Clube, ademais repartirá 500 entradas con carácter gratuito, nos diferentes centros da cidade, para rapaces de ensino secundario, durante o último cuadrimestre do ano 2005.

4º.-Realización dun campus de fútbol sala "CLUB A. LOBELLE-CONCELLO DE SANTIAGO" aberto á cidade, gratuito, para nenos/as do Concello de Santiago e cos gastos que se deriven por todos os conceptos con cargo ao CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO. A duración do campus será de 4 días a celebrar, no último cuadrimestre do ano 2005.

5º.- O CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, certificación, asinada polo presidente e o secretario, do orzamento de ingresos e gastos correspondente a todo o ano 2005

6º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar ao CLUBE A. LOBELLE DE SANTIAGO coa cantidade de **150.000 €** polas actividades deportivas e de competición que realice durante o período de vixencia do presente convenio, sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin e para o mesmo período de tempo, non se supere o orzamento de gastos previsto da entidade.

7º.- O pago efectuarase en dous prazos. Un deles será a partires do 30 de xuño do presente ano e o outro a finais do mesmo ano, unha vez se realicen as actividades obxecto deste convenio. Para facelo efectivo é condición necesaria que o CLUB E A. LOBELLE DE SANTIAGO presente no Concello de Santiago a seguinte documentación:

7.1. Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido os seus compromisos especificados neste convenio, así como a aplicación dada ou prevista da subvención concedida.

Así mesmo, declaración asinada polo presidente da Entidade na que se exprese tamén baixo a súa responsabilidade as axudas públicas ou privadas percibidas pola mesma, desde o 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

7.2. Presentar como xustificantes recortes de prensa e fotografías, así como modelos de entradas, carnets de abonados e cartaces, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do especificado neste convenio.

7.3. Certificación dos directores daqueles centros de ensino onde se xustifique o cumprimento do especificado no punto 3 deste convenio.

8º.- Antes da sinatura do presente convenio, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

1.- Certificación do orzamento de ingresos e gastos da entidade deportiva a todo o ano 2005

2.- Certificacións das valoracións económicas das obrigas do beneficiario, especificadas nos apartados 2, 3 e 4 do presente convenio.

3.- Certificacións das administracións correspondentes, de estar ao día nos pagos coa Seguridade Social e Facenda respectivamente.

4.- Certificación de estar ao corrente nos pagos coa Comunidade Autónoma.

Todas as certificacións anteriormente mencionadas, considéranse formando parte deste convenio.

9º.- A actividade que se desenvolva en base ao presente convenio realizarase en lingua galega tanto no que toca ao seu desenvolvemento como á comunicación oral e escrita que xeren.

10.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2005.

11º.- A efectos de xustificación económica e dentro dos compromisos adquiridos polo clube, só se terá en conta o impacto publicitario establecido no punto 2º do presente convenio sempre que se demostre que o valor deste é superior á contía da axuda que se concede, comprometéndose de igual forma o CLUB A. LOBELLE DE SANTIAGO a realizar as diferentes actuacións complementarias previstas no convenio e nos termos expostos.

12º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta 0075 0396 70 0500053226.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2005

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo CLUB A. LOBELLE DE SANTIAGO

Asdo.: Manuel Portas Fernández
CONCELLEIRO DE DEPORTES

Asdo.: José Antonio Lobelle Quintillán
PRESIDENTE